



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 5 DE MAIO DE 2016

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do día cinco de maio de dous mil dezaseis, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; e D^a M^a Dolores Esperón Feijoo.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

Antes de iniciar a sesión se indica polo Sr. Alcalde que, tal e como xa se acordou na Comisión Informativa celebrada, retírase da Orde do Día o punto 3º de "Ordenanza Municipal de venda non sedentaria ou ambulante do Concello de Ribadumia"

1º.- ACTA ANTERIOR.-

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con data 3 de marzo de 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer á mesma, e A Sra. Peña Muñiz manifesta que no que respecta o asunto de "dar conta da adquisición de terreo para a depuradora de Lois", engadir que ela manifestou que "nas bases definitivas da concentración parcelaria a parcela quedou excluída e por iso non se puido compensar".- Respecto á pregunta que formulou para que se lle indicara qué actuacións se tiñan solicitado dentro do Plan Móvese da Deputación Provincial aclara que nese intre non se lles indicaron as actuacións solicitadas, senon que se dixo que non recordaban nese momento e que se pasara pola oficinas e que se lle facilitaría a relación.

Realizadas estas observacións, a acta é aprobada por unanimidade dos Sres. asistentes, coas salvedades indicadas.

2º.- REGULAMENTO DA ACTIVIDADE DE FURANCHO E LOUREIROS DO CONCELLO DE RIBADUMIA E ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE FURANCHOS.

Dase conta do borrador de Regulamento da actividade de Furancho e Loureiros do Consultores.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

A Sra. Martínez Troncoso dí que como xa se explicou na Comisión Informativa trátase de dar un recoñecemento legal ós establecementos que veñen exercendo como furanchos; que está baseado no Decreto 215/2012 de 31 de outubro polo que se regula este tipo de establecementos na Comunidade Autónoma.- Explica que a Lei de Turismo de 2008 os incluía como empresa do sector de restauración e na Lei de Turismo de 2011 xa os recoñece como "establecementos especiais" e que ten por obxecto dar saída o excedente de viño.-

Dase detida conta do contido do Regulamento no que respecta ós requisitos dos establecementos (a superficie do local terá que ser entre 10 e 150 m²), tempada de apertura, que o viño servido terá que ser de Ribadumia ou da Comarca, listado de tapas permitidas (a establecidas no Decreto e entre as elixir optouse polas máis características da zona; as taxas varían en función da cantidade de viño declarado na solicitude de apertura (entre 30 euros para unha cantidade de ata 500 litros e 150 euros para unha cantidade de ata 2.500 litros).

En resumo dí que o que se trata é de regularizar unha situación que se está a dar sen cobertura legal.

A Sra. Peña Muñiz manifesta que, en efecto, é para regular esta actividade dándolle un respaldo legal para vender o excedente; que están a favor, xa que se basa no Decreto da Xunta.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó Regulamento da Actividade de Furanchos e Loureiros do Concello de Ribadumia, así como a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Autorización de apertura de Furanchos do Concello de Ribadumia.

2º.- Que se expoñan ó público o mesmo polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra os mesmos consideraranse definitivamente aprobados, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

REGULAMENTO DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS E LOUREIROS DO CONCELLO DE RIBADUMIA

O Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13 de novembro de 2012) estableceu un novo marco normativo nesta materia establecendo, dentro das competencias municipais, a adaptación do réxime xeral regulador dos furanchos ás peculiaridades de cada zona dentro do correspondente termo municipal. En virtude desta competencia, o Concello de Ribadumia establece o presente regulamento.



CAPÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1: OBXECTO

A presente ordenanza municipal ten por obxecto regular, dentro do termo municipal de Ribadumia, a actividade de furanchos ou loureiros, en desenvolvemento do disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia así como na restante normativa que lle fose de aplicación, no correcto exercicio das competencias municipais que neste ámbito lle outorga o ordenamento xurídico vixente.

ARTIGO 2: DEFINICIÓNS

Para os efectos desta ordenanza municipal, considéranse "furanchos" os locais utilizados principalmente como venda privada, onde os/as propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia elaborado na casa para o seu consumo particular, xunto coas tapas que, como produtos alimenticios preparados regularmente por eles/as, lle sirvan de acompañamento.

O réxime establecido na presente ordenanza para os furanchos será tamén de aplicación ós tradicionais "loureiros", nos que a única diferenza radica en que os produtos alimentarios son levados pola clientela, polo que toda a referencia ós furanchos hai que entendela referida tamén ós "loureiros" e ós tradicionalmente chamados "abillados".

ARTIGO 3: ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza municipal regula a actividade das casas particulares ou dependencias vinculadas a elas que, de acordo coas súas características, teñan a consideración de furanchos como figura tradicional na Comunidade Autónoma. Só se autorizará o desenvolvemento da actividade de furancho de conformidade co establecido nesta ordenanza e, única e exclusivamente, dentro das zonas rurais situadas nos ámbitos de solo clasificados como rústico, urbano ou solo de núcleo rural deste termo municipal.

CAPÍTULO SEGUNDO REQUISITOS, PROCEDIMENTO E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 4: REQUISITOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMO FURANCHO

Para poder desenvolver a actividade de furancho deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) O local onde se realice a actividade de furancho deberá ter unha superficie mínima de 10 metros cadrados e como máximo de 150 metros cadrados.*
- b) As persoas titulares dos furanchos deberán ademais observar a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBsi ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa), as disposicións recollidas na Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, do subministro, do consumo e da publicidade dos produtos do tabaco ou normativa vixente na materia, así como todas aquelas normativas técnicas que lles resulten legalmente aplicables.*
- c) Todo o viño que se subministre no furancho deberá ter a súa orixe en viñas emprazadas no termo municipal de Ribadumia e a súa comarca.*
- d) O viño subministrado non pode ser viño embotellado, senón que debe proceder directamente dos barrís que deberán estar debidamente numerados.*
- e) A degustación do viño poderá ser acompañada de catro tipos de tapas, relacionadas no anexo (Listado de tapas permitidas), e dunha quinta tapa a escoller de entre as que se numera*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

(Listado de tapas a elixir), ou as que anualmente acorde o concello, quedando prohibida outra clase de produtos alimenticios.

f) Antes do inicio da tempada anual de funcionamento e, cando menos unha vez ao ano, os/as furancheiros/as acreditarán a realización das declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura; sen este requisito, agás concorrencia das excepcións previstas na normativa vitícola, o furancho non poderá comezar a tempada de funcionamento.

g) As persoas titulares dos furanchos deberán ter regularizada a totalidade das súas viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade co Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial da produción agrícola, ou normativa posterior que o substitúa ou desenvolva.

h) Os/as titulares da actividade observarán e cumprirán os requisitos sanitarios establecidos nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento (Ce) nº 852/2004 do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril, no relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o establecemento se axusta ao indicado no capítulo III do referido anexo II. Do mesmo xeito, segundo a actividade desenvolvida, observaranse os requisitos establecidos no Real Decreto 3.484/2000 de 29 de decembro, relativo ás normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

ARTIGO 5. TAXAS.

Os prezos de taxas no permiso de apertura serán os seguintes:

- *Ata 500 litros, 30 euros.*
- *Ata 1.000 litros, 60 euros.*
- *Ata 1.500 litros, 90 euros.*
- *Ata 2.000 litros, 120 euros.*
- *Ata 2.500 litros, 150 euros.*

ARTIGO 6. DECLARACIÓNS RESPONSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE FURANCHO.

1. Terán a condición de persoas interesadas para o exercicio da actividade os/as viticultores/as ou colleiteiros/as que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, emprazadas neste termo municipal ou na súa comarca, así como os familiares que convivan con eles.

2. Para o exercicio da actividade, as persoas interesadas deberán achegar ao Concello unha declaración responsable previa do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo anterior, no decreto regulador da actividade de furancho e demais normativa aplicable, co compromiso do seu mantemento durante todo o tempo en que se desenvolva a actividade de furancho e que se materializará, obrigatoriamente, no modelo oficial de declaración responsable que se incorpora no anexo I da presente ordenanza. No modelo normalizado constará, ademais da manifestación explícita do cumprimento dos requisitos esixibles consonte a normativa vixente, e o mantemento de todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante toda a tempada de funcionamento, a situación e denominación do furancho así como a indicación do período de apertura elixido.

3. A declaración responsable terá os efectos e alcance previstos no artigo 71 bis da Lei



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou normativa vixente na materia, así como o pautado na presente ordenanza.

4. O/a solicitante deberá achegar obrigatoriamente, xunto co modelo normalizado de declaración responsable do anexo I desta ordenanza, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.*
- b) De asinarse a declaración por medio de representante achegará, ademais, a acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.*
- c) Documentación acreditativa da referencia catastral descritiva da vivenda ou edificación na que se vai desenvolver a actividade.*
- d) Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.*
- e) Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas das que se extrae o viño utilizado no furancho do Rexistro Vitícola de Galicia da consellería competente en materia de agricultura.*
- f) Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura, agás as excepcións previstas de conformidade coa normativa vixente.*
- g) Fotocopia compulsada do documento que acredite a subscripción dunha póliza de responsabilidade civil, así como copia compulsada do correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.*
- h) Xustificante acreditativo do pagamento das taxas e tributos correspondentes que sexan preceptivos.*
- i) Documentación técnica ou proxecto técnico, asinada/o por facultativo/a competente, que incluíra xustificación e pronunciamento expreso do cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBSi ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa incluíndo o cálculo do aforo máximo), da normativa sanitaria relativa á loita contra o tabaquismo.*
- j) Certificación de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, subscrita por técnico competente e, de ser preceptivo, debidamente visada.*
- k) Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos así coma a variedade ou variedades de uva das que procede.*
- l) Carné de manipulador de alimentos.*

ARTIGO 7. DA XESTIÓN E DA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DE COMPROBACIÓN

1. A declaración responsable para a apertura dun furancho ou a comunicación de renovación, deberán achegarse, obrigatoriamente, nos correspondentes modelos oficiais de declaración responsable ou comunicación que se inclúen nos anexos I ou II desta ordenanza, debidamente cumprimentados e con toda a documentación requirida no artigo 6 da presente ordenanza. Serán presentados no rexistro do Concello, en calquera dos rexistros ou por calquera medio válido consonte o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A persoa declarante ou o/a novo/a titular, nos supostos de troco de titularidade, ademais da manifestación responsable da veracidade do declarado, están obrigados a posuír no furancho, a disposición do persoal técnico inspector competente, a documentación que se determina no artigo 5 da presente ordenanza e facilitarán o acceso ao local e ás instalacións ao devandito persoal técnico para as inspeccións, verificacións e comprobacións oportunas.

3. A presentación da declaración responsable, co conseguinte efecto habilitante para o inicio da actividade a partir do mes seguinte á súa presentación, agás resolución de disconformidade ou



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

requirimento de emenda de deficiencias, non prexulgará de ningún xeito a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das competencias municipais de comprobación, control, inspección e sancionadoras. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou autorizacións en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico aplicable, e os efectos habilitantes para o inicio das actividades deixarán a salvo, sempre, o dereito de propiedade e entenderase que autorizan o desenvolvemento da actividade de furancho sen prexuízo de terceiros.

4. A declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade reguladas nesta ordenanza, tampouco eximirán da obtención das licenzas e autorizacións que esixa calquera norma sectorial nin do deber de presentación doutras declaracións, comunicacións ou inscricións en rexistros que a devandita normativa impoña para o desenvolvemento da actividade de furancho, nin exonerarán aos/as furancheiros/as das obrigas de carácter tributario, fiscal, administrativo e de orde civil que se establecen no ordenamento xurídico vixente. En todo caso, non poderán ser invocadas para diminuíren ou excluíren a responsabilidade civil ou penal en que puideran ter incorrido os titulares no exercicio das actividades habilitadas coa presentación da declaración responsable ou da comunicación. Só producirán efectos entre o concello e os suxeitos declarantes e non alterarán as situacións xurídicas entre estes e as demais persoas.

ARTIGO 8. DA TEMPADA DE ACTIVIDADE FURANCHEIRA

- 1. O Concello de Ribadumia establece o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de decembro e o seu remate o 30 de xuño de cada ano.*
- 2. Excepcionalmente, a persoa titular do furancho que queira modificar este período de apertura deberá solicitalo ante o concello de forma motivada para cada ano de actividade, pero nunca poderá ser mais aló do 31 de xullo.*

ARTIGO 9. DO PERÍODO, CONDICIÓN E HORARIO DE APERTURA DO FURANCHO.

- 1. O período de apertura dos furanchos non poderá ser superior aos tres meses, abrangidos estes dentro do prazo establecido no artigo 8.1 da presente ordenanza.*
- 2. Os solicitantes deberán presentar, convenientemente cumprimentada, a declaración responsable previa ou comunicación de renovación e demais documentación esixida no artigo 5 da presente ordenanza, facendo constar obrigatoriamente o período de funcionamento elixido para o seu furancho nas declaracións ou comunicacións que acheguen.*
- 3. Fora dese prazo, a actividade de furancho reputarase como carente de título xurídico habilitante, dispoñéndose a súa clausura e cesamento inmediato e efectivo.*
- 4. Os furanchos poderán abrir as súas portas ao público para exercer a súa actividade no seguinte horario: 12:00 a 00:00 horas.*

Nas noites que van de venres a sábado, de sábado a domingo, así como nas noites anteriores aos festivos, estes horarios ampliáanse unha hora.

ARTIGO 10. DAS TAPAS PERMITIDAS

As tapas que se poderán ofrecer para acompañar o viño nos furanchos son as que figuran no anexo IV.

ARTIGO 11. OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DOS FURANCHOS.

As persoas titulares dos furanchos deberán observar as obrigas recollidas no artigo 35 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, na medida en que non sexan contrarias á singularidade destes locais e, en particular, as seguintes:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

1. *Velar polo bo estado xeral das dependencias e polo mantemento das instalacións e servizos do furancho e garantir un trato correcto á clientela.*
2. *Informar previamente con obxectividade e veracidade á clientela sobre o réxime de servizos que se ofertan no local, as condicións de prestación destes e o seu prezo e forma de pagamento.*
3. *Ter a disposición das persoas usuarias follas de reclamacións e facer entrega dun exemplar cando lles sexa solicitado.*
4. *Emitir xustificante de pagamento que detalle os servizos, de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.*
5. *Os locais exhibirán nun lugar visible o ramallo de loureiro co que tradicionalmente se identifican os furanchos.*
6. *Os /as titulares dos furanchos deberán ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, de acordo co que se determine nas ordenanzas municipais.*

ARTIGO 12. NOTIFICACIÓN DE CAMBIOS E COMUNICACIÓN DO PECHE DO ESTABLECEMENTO.

1. *As persoas titulares dos furanchos están obrigadas a comunicarlle ao concello, mediante o modelo oficial que consta no anexo III, calquera cambio que afecte o seu funcionamento, xuntando a documentación xustificativa do cambio pretendido, así como o cesamento definitivo da súa actividade, no prazo de 10 días contados con anterioridade á data prevista para o peche. Pola súa banda, o concello notificará eses cambios ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade.*
2. *Poderase decretar a baixa de oficio cando a Administración municipal teña constancia do cesamento da actividade por non se producir a apertura durante os períodos autorizados sen causa xustificada, ou cando o establecemento deixe de cumprir, de maneira grave e inxustificada, algún dos requisitos e condicións esixidos para o exercicio da súa actividade.*

ARTIGO 13. DO REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS DE RIBADUMIA

1. *O concello creará un "Rexistro Municipal de Furanchos e Loureiros de Ribadumia" para a inscrición de oficio de todos os furanchos que cumpran os requisitos esixidos e desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Ribadumia, e para a recollida de toda a información esixida na presente ordenanza municipal.*
2. *O Concello de Ribadumia dará traslado do seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, facenda, medio rural e sanidade.*
3. *Os datos mínimos do rexistro municipal de furanchos de Ribadumia serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza.*

ARTIGO 14. TRANSMISIÓNS

O novo titular deberá comunicar a transmisión do furancho ao concello, que lles dará traslado ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade, para o que achegará a seguinte documentación:

- a) *Comunicación previa de cambio de titularidade segundo o modelo oficial que consta no anexo III.*
- b) *Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da dita transmisión ou, de ser o caso, da acreditación da dispoñibilidade do inmovible polo novo titular.*
- c) *Póliza de seguro de responsabilidade civil, nos termos establecidos no artigo 6, a nome do*



novo titular:

d) Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

ARTIGO 15. INSPECCION, VIXILANCIA E CONTROL.

O Concello vixiará e garantirá o debido cumprimento polo titular destes establecementos do preceptuado neste regulamento e noutras normas que resulten de aplicación, sen prexuízo das facultades de inspección que lle poidan corresponder á Administración autonómica en función da materia, singularmente no que respecta á inspección turística.

ARTIGO 16. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O incumprimento deste regulamento dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente, coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.

ARTIGO 17. INTRUSIÓN PROFESIONAL

A realización ou a publicidade, por parte dos furanchos, da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011 do 27 de outubro, de turismo de Galicia, en contravención dos requisitos que lles son exixibles para o seu inicio, terán a consideración de intrusión profesional e sancionaranse administrativamente consonte o previsto na Lei de turismo.

ARTIGO 18. INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao concello.
- b) A falta de comunicación ao concello nos supostos de transmisión e cambio da titularidade do furancho.
- c) A falta de comunicación ao concello de calquera cambio que afecte o funcionamento do furancho, así como o cesamento da súa actividade, e a motivación dos ditos feitos.
- d) Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.

ARTIGO 19. INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A subministración de viño embotellado.
- b) A non presentación da declaración responsable previa ou da documentación exixida no artigo 6 deste regulamento.
- c) A venda de viño non orixinado do excedente do consumo propio procedente exclusivamente das súas viñas.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi graves as previstas no artigo 111 da Lei de turismo de Galicia.

ARTIGO 21. SANCIÓN

A comisión das infraccións tipificadas no presente regulamento será obxecto da correspondente sanción e graduación administrativa, de conformidade co establecido na Lei de turismo.



ARTIGO 22. PRESCRICIÓN

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous, e as leves ao ano.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos, e as impostas por faltas leves ao ano.

ARTIGO 23. DOS SUXEITOS RESPONSABLES

1. Considéranse suxeitos responsables, na orde administrativa, das infraccións cometidas no seu funcionamento as persoas que figuren como titular/es dos furanchos.

2. De seren varias as persoas titulares, aplicaranse os principios propios da potestade sancionadora e do dereito sancionador, con expresa responsabilidade solidaria ao respecto das medidas de restauración da legalidade e de indemnización de danos e perdas que se diten.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: MODELOS NORMALIZADOS.

1. Os correspondentes modelos de declaración responsable e comunicación recollidos nos anexos I e II manteranse permanentemente publicados e actualizados na páxina web municipal.

2. O contido dos modelos dos anexos I e II que se incorporan a esta ordenanza non teñen carácter regulamentario e o seu contido poderá ser adaptado, modificado ou ampliado por resolución da Alcaldía ou órgano delegado, aínda que a súa obrigatoriedade queda supeditada á súa publicación na páxina web do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: OBRIGAS TRIBUTARIAS.

As obrigas tributarias derivadas das actuacións que se autoricen polos procedementos aquí regulados rexeranse pola ordenanza fiscal correspondente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, sempre que tivese transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE FURANCHOS DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.-

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este concello establece a "Taxa pola autorización para apertura de furanchos do Concello de Ribadumia", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/ 1988.

Artigo 2º.- Feito impoñible.-

Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a venda e consumo de



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

viño nos furanchos do concello de Ribadumia.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos contribuíntes os colleiteiros que pretendan vender o viño en furanchos.

Artigo 4º.- Responsables.-

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refíren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.-

A cota tributaria modúlase en función do volume de viño á venda segundo os seguintes tramos:

- *Ata 500 litros, 30 euros.*
- *Ata 1.000 litros, 60 euros.*
- *Ata 1.500 litros, 90 euros.*
- *Ata 2.000 litros, 120 euros.*
- *Ata 2.500 litros, 150 euros.*

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.-

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa, agás as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 7º.- Devengo.-

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúa o seu feito impositivo, entendéndose iniciada a mesma unha vez obtida a autorización.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións.-

1. En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei xeral tributaria, e disposicións concordantes de aplicación.

2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no boletín oficial da provincia.

3º.- ORDENANZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE RIBADUMIA.

Se retira da Orde do Día o asunto relativo á Ordenanza de Venda Ambulante para un maior estudio en profundidade.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE RIBADUMIA.

Dase conta que estando xa aprobada a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización das Casas de Cultura e Centros Sociais do Concello de Ribadumia se votaba en falta que non había ningunha exención ou bonificación para actividades con fins lucrativos que se organicen que beneficien á maioría dos veciños de Ribadumia ou que se rebaixen os prezos ós veciños de Ribadumia ou que donen unha porcentaxe do recadado a unha entidade social.

Dase lectura á modificación proposta que é a seguinte: "*Por acordo do órgano municipal competente, poderá acordarse a EXENCIÓN da aplicación desta taxa nos seguintes casos:*

1º. Cando se considere, por causa debidamente xustificada, que a impartición destas clases ou actividades análogas responde a un interese xeral que beneficie ós veciños de Ribadumia.

2º. Se a persoa física e/ou xurídica que se presupón obtén un beneficio coa actividade se compromete por escrito a repercutir, como mínimo, un 10% dos ingresos brutos pola citada actividade ben nos ribadumienses beneficiarios da mesma, ben en entidades e/ou asociacións sen ánimo de lucro de carácter social ou benéfico".

A Sra. Peña Muñiz di que cando o goberno do P.P. aprobou esta taxa estíbese pensando en empresas que viñan a dar clases con fins lucrativos (e co fin de que colaborasen nos gastos de mantemento dos locais).- Engade que lle parece razoable a proposta cando se trata de dar cursos de interese xeral como poden ser os de cursos de manipulación de alimentos, fitosanitarios, etc.- Remata dicindo que espera que estas decisións de exencións ou bonificacións que van a ser tomadas polo equipo de goberno estean xustificadas en beneficio dos veciños de Ribadumia.-

O Sr. Alcalde contesta que así será.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización das Casas de Cultura e Centros Sociais do Concello de Ribadumia.

2º.- Que se expoña ó público a devandita modificación polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

seu contido no B.O.P.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Art. 1º.- Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes I e 4 o) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa pola utilización das instalacións culturais e sociais.

Art. 2º.- Feito impositivo

Constitúe o feito impositivo da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial das casas de cultura ou centros sociais do Concello de Ribadumia para a impartición de clases ou actividades análogas con finalidade lucrativa, polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Art. 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de cocontribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que se beneficien da utilización das instalacións, consonte o feito impositivo da taxa.

Art. 4º.- Responsables.

- 1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.*
- 2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos ou alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.*

Art. 5º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos pola lexislación vixente.

Art. 6º. Cota tributaria.

A contía da taxa determinarase aplicando a seguinte tarifa:

*Pola utilización de local de casas de cultura ou centros sociais ou outras instalacións municipais para a impartición de clases ou actividades análogas con fins lucrativos: **20 €/ hora**.*

Por acordo do órgano municipal competente, poderá acordarse a EXENCIÓN da aplicación desta taxa nos seguintes casos:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

1º. Cando se considere, por causa debidamente xustificada, que a impartición destas clases ou actividades análogas responde a un interese xeral que beneficie ós veciños de Ribadumia.

2º. Se a persoa física e/ou xurídica que se presupón obtén un beneficio coa actividade se compromete por escrito a repercutir, como mínimo, un 10% dos ingresos brutos pola citada actividade ben nos ribadumienses beneficiarios da mesma, ben en entidades e/ou asociacións sen ánimo de lucro de carácter social ou benéfico.

Art. 7º.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír unha vez que se autorice a referida utilización das instalacións.

Art. 8º.- Réxime de declaración e ingreso:

O ingreso da taxa realizarase:

- 1. Tratándose da utilización das instalacións a taxa recadarase mediante autoliquidación, ingresando o seu importe o solicitante nas entidades bancarias colaboradoas deste Concello sempre antes de iniciar a ocupación.*

Art. 9º.- Infraccións e sancións:

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Art. 10º.- Normas de xestión:

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos ou utilizacións ós que fan referencia esta taxa deberán presentar no Concello a correspondente solicitude na que deberán constar, como mínimo, os datos identificativos completos, dirección, teléfono de contacto, locais que solicita, fin para o que se solicita, horas de utilización (día/semana/mes) e períodos de duración.

Unha vez que se autorice o aproveitamento, se non se determina con exactitude a duración da utilización entenderase prorrogada mentres o interesado non presente declaración de baixa, procedéndose a realizar a correspondente liquidación que deberá ser pagada antes do inicio do período da prórroga.

Cando se remate a utilización, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa e producirá efectos no período natural seguinte ó da presentación da mesma, podendo no seu caso prorratearse por días. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

Disposición final:



A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da publicación do seu texto íntegro no boletín oficial da provincia e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

5º.- DAR CONTA DE DIVERSAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS.

5.1.- Criterios para a concesión de axudas económicas para Festas Parroquiais.-

Pola Sra. Martínez Troncoso dase conta dos "Criterios para a concesión de axudas económicas para Festas Parroquiais", indicando que contaron co consenso das asociacións que acudiron ás reunións mantidas e que se redactaron as bases para establecer estes criterios; que se lles presentou o 9 de abril na última reunión mantida e aprobáronse na Xunta de Goberno dese mes; que nestas bases se abre a posibilidade de que persoas físicas que xa viñan organizando festas populares anteriormente, e se excluen eventos que organice o Concello ou para os que xa se concedera outra, dándose conta dos distintos aspectos das bases.-

5.2.- Respecto ó escrito presentado pola voceira do Grupo do Partido Popular en relación co que se reconsidere a postura da non celebración da BTTinto, indícase que trataráse no punto 7, xunto coa moción presentada sobre este mesmo tema.-

5.3.- Dar conta da denuncia presentada no xulgado por desaparición de equipo informático.-

Dase conta da denuncia presentada ante o Xulgado de Cambados porque se detectaron incidencias nos servidores informáticos do Concello e por ese motivo encargouse un informe e segundo o informe emitido no que, entre outros aspectos, consta: *Según incidencia D-13125 de fecha 5 de Febrero de 2016, se nos solicita por parte de la alcaldía la recuperación de unas carpetas concretas de un año anterior con intención de recuperar unos datos borrados por error. Se observa lo siguiente: A pesar de que está programada una copia diaria con el sistema integrado de Windows Server y que este nos indica que están disponibles 894 días. (el sistema de copias es incremental), nos encontramos con que no podemos restaurar más atrás del día 12 de Junio del 2015. Observamos también que el día 11 ha sido sustituido el volumen de copias, motivo por el cual es imposible restaurar dichas carpetas más allá de ese día si no está localizable dicho volumen.-*

Lamentamos, informar a dicha alcaldía que si no nos suministran el volumen indicado en la imagen anterior, no es posible recuperar las carpetas solicitadas. También hemos intentado recuperar posibles datos borrados en el servidor a fin de intentar localizar las carpetas que nos indican y nos hemos encontrado lo siguiente: Hemos usado software de recuperación de datos borrados como RECUVA, GETDATABACK o Fastfileundelete. En todos los casos, haciendo un escaneo profundo, hemos observado que el espacio disponible del disco duro del servidor había sido sobrescrito con el caracteres hexadecimales "aleatorios", esto es posible si se utilizan programas de borrado del tipo ERASER, CIPHER, el propio CCLEANER o cualquier otro de los muchos que hay disponibles en el mercado.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde indica que é chamativo que esta substitución do disco duro se realizara os días 11 e 12 de xuño e que como non se sabe onde está o disco duro substituído por eso deuse conta ó Xulgado por se puidera ser constitutivo de delito.-

5.4.- Dase conta de que, en relación coa petición formulada pola Sra. Peña Muñiz ante a Valedora do Pobo para que se lles entregara as actas das Xuntas de Goberno, dase conta das contestacións enviadas ó citado Organismo e de que entregáronse as correspondentes ós anos 2013, 2014 e 2015 que estaban todas sen entregar ós membros da Corporación que formaban parte das Corporacións correspondentes.

6º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR A MODIFICACIÓN DA LEI DO SOLO DE GALICIA, NO QUE RESPECTA Á CONSTRUCCIÓN DE INVERNADOIROS.

Dase conta de que con data 19 de marzo entrou en vigor a nova Lei do Solo de Galicia, 2/2016, do 10 de Febreiro, que deroga, entre outras, a Lei 9/2002 de 30 de decembro (LOUGA) e as súas modificacións.

A tal fin e dado que plantexábanse dúbidas sobre as condicións para a construcións de invernadoiros formulouse consulta á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia e recibíuse resposta na que consta que: "*en relación á consulta formulada sobre a construción de invernadoiros en solo rústico o mesmo constitúe un dos usos previstos no artigo 35.1. g), sometido á obtención de título habilitante municipal, e para o que resultan de aplicación as condicións de edificación previstas no artigo 39 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.- Non se contemplan na nova Lei do Solo excepcións ás cuestións específicas formuladas, por canto: en relación á superficie mínima da parcela, será de 2.000 metros cadrados; deberá garantirse o acceso rodado de uso público adecuado á implantación; en canto os servizos esixidos, deberán garantirse a cargo do promotor da actuación nos termos dispostos na Lei.*

Por tal motivo propónse que se requira á Xunta de Galicia para a modificación da devandita Lei no que respecta ás condicións para a construción de invernadoiros, para que se establezan excepcións respecto ás condicións para a súa construción.

A Sra. Peña Muñiz dí que, efectivamente, na nova lei fala de edificacións en solo rústico en xeral, sen establecer excepcións para os invernadoiros e se lles está a esixir servizos que non son necesarios para a súa construción; que ata de agora había unhas condicións mínimas e se viñan dando polos veciños ás que necesitaban á hora de executar a construción, porque algunhas das que se establecen agora non se consideran necesarias, polo que están de acordo coa moción presentada.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde toma a palabra e indica que esta nova norma a Ribadumia lle pode perxudicar porque segundo estes criterios é difícil que moitos veciños podan construír un invernadoiro.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Instar á Xunta de Galicia pedindo que mediante a aprobación dunha modificación puntual da nova Lei do Solo establézase novamente o réxime excepcional que para este tipo de construcións tiña a LOUGA e así posibilite a instalación deste tipo de construcións en Solo Rústico.-

7º.- MOCIÓNS DO PARTIDO POPULAR:

7.1 Moción solicitando a formalización de Convenio co Club Náutico O Muíño.

Polo Sr. Serantes Alvarez dase lectura á moción presentada polo Grupo do Partido Popular no que *expónse a traxectoria de éxitos acadados polo Club Náutico O Muíño dende a súa constitución no ano 1995, traxectoria que ven avalada polo medalleiro do club e pola sociedade, por clubs e entidades como a Federación Galega de Piragüismo, o premio Arousán do ano; Folla de Prata ao Deporte en Cambados e outros.- Que as probas da "Baixada do Umia" e o "Slalom Ribadumia" son probas de referencia incluídas no campionato galego e nas que participan os mellores deportistas galegos e atraen a Ribadumia centos de afeccionados; que hai uns días coñeceron que o Clube O Muíño renunciar a proba de "Slalom 2016" pola falta de axuda do Concello e da Deputación polo que centrarían os seus esforzos en manter a proba da "Baixada do Umia 2016"; que os anteriores gobernos do P.P. no Concello e na Deputación sempre apoiaron ó Clube tanto para mellorar as súas instalacións e o material deportivo de que dispoñen, como para sufragar custes de funcionamento e organización dos eventos deportivos celebrados no noso concello.-*

Que por iso propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que o Concello de Ribadumia formalice un convenio de colaboración co clube náutico O Muíño de Ribadumia que garanta a celebración anual das probas Baixada do Umia e Slalom.-

2.- Instar á Deputación de Pontevedra a que formalice un convenio de colaboración co clube O Muíño de Ribadumia para, cando menos, manter as axudas que viñan percibindo para a organización das probas e a compra do material de portivo necesario.

O SR. Serantes Alvarez incide no leído na moción e indica que tense que garantir os eventos que se veñen realizando e di que na Deputación se están facendo recortes no apoio ó deporte, e, en resumo solicita a sinatura dos convenios indicados.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde toma a palabra e, en primeiro lugar quere felicitar ó Clube O Muíño pola súa traxectoria e polo esforzo e traballo que ven realizando.-

Dí que non procede a aprobación da moción porque non se corresponde coa realidade; que hai que ser máis prudentes á hora de presentar mocións.-

Explica que se tivo unha reunión co Clube e lle pediron que o Concello aportara unha ambulancia para a realización destas probas, polo que entende que o Clube non está na disposición de non levalas a cabo, é dicir que non lle consta que renunciara á súa organización; dí que hai uns días lle dixeron que querían levar a cabo a proba do Slalom; que o Clube non manifestou nunca que quiseran a sinatura de ningún convenio nas diversas reunións que tiveron cos seus responsables; engade que o P.P. quere confundir ós veciños, xa que lle consta que o Clube ten intención de organizala proba (están facendo xestións para elo e lle pediron ó Concello unha ambulancia para esa proba)

O Sr. Serantes Alvarez dí que non quere facer cambiar de opinión a ninguén; que se está contradicindo a información; que todo o mundo coñece pola información aportada polo Clube que non se tiña pensado realizar; que por máis que diga que as partidas que agora se conceden son as mesmas que outros anos, que o sr. Alcalde se aplique o conto e que sexa sensato e coherente e manifeste o seu apoio absoluto para que se celebren as probas.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dí que na propia páxina do Clube (que pon na pantalla ubicada no Salón de Plenos) fae referencia á celebración da proba.

Aclara que o equipo de goberno reuniuse varias veces cos representantes do Clube e se barallaron varias opcións e que o Clube manifestou que o que lle interesaba era poder optar á concesión de axudas de acordo coas bases aprobadas (aínda que teñen un convenio) e se modificaron as bases para que poidan optar ás axudas que se convoquen anualmente.

Respecto ó que se indica na moción de que o Clube pensaba renunciar ó Slalom por falta de apoio do Concello dí que este ano consta no Orzamento partidas para as mesmas por importe de 2.000 euros cada unha.- Que o ano 2015 o Clube recibiu polas probas un importe de 2.888 euros e polos ingresos do ximnasio 4.500 euros; que este ano tense previsto que reciban das subvención máis ou menos uns 2.500/ 3.000 euros máis que o ano pasado.

Remata dicindo que o Clube quere manter o Convenio que teñen e propúxose para que exploten a cafetería; eles propoñían que o Concello contratara monitores para escolas e clubs; que propuxeron modificar o ximnasio; pero que non manifestaron en ningún momento que quixeran outro convenio e que agora poden acceder ás axudas convocadas por bases e cando haxa algunha proba importante que se lle sufragase a estancia dos participantes.

O Sr. Alcalde insiste en que a aportación económica que se lle va a conceder este ano é superior a que lle viña outorgando o P.P..



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Serantes Alvarez di que eles tamén se reúnen cos clubs e estes lles transmiten as súas inquietudes; que a moción non sobra: que se poderá estar de acordo ou non pero non sobra, que se ciñan á proposta.

Fai uso da palabra o Sr. González Ledo, para lembrar que eles se ciñen as propostas; que en anteriores legislaturas se celebraban plenos con máis de 8 ou 9 mocións polo tempo que tardaba o anterior equipo de goberno en sometelas á consideración do pleno (incluso para reprobar a un concelleiro da anterior oposición ó P.P.).-

Aclara que na Deputación Provincial o ano anterior había 460.000 euros e este ano 490.000 euros, polo que non poden dicir que está habendo recortes.

Que anteriormente, aproximadamente o 50% das partidas dispoñibles para deporte eran de libre disposición do Presidente e agora hai unhas bases e regula estas axudas (que polo visto no debe coñecer a Deputada Sra. Peña) e que teñen en conta varios criterios como a antigüidade do evento (que isto podería favorecer o Clube O Muíño); dí que hai que ter tento ó facer as mocións (que a eles antes se lles acusaba de que se baseaban en mentiras).- Púes neste caso indica que a moción está montada sobre falsedades.- Dí que a Deputación vai repartir material directamente ós clubs e poderá acceder a estas axudas; que agora non van a ter en conta criterios políticos para conceder as axudas; que estase utilizando ó Clube O Muíño para facer campaña política; e remata dicindo que non se pode aprobar a moción nestes termos.

O Sr. Serantes Alvarez dí que a Deputación Provincial sempre foi un organismo referente no apoio ó deporte; que efectivamente se va a repartir 490.000 euros para eventos e actividades organizadas polos clubs, pero na área de deportes en xeral o presuposto deste ano non é igual os anteriores; que en total hai 2.000.000 menos na área deportiva.- que o goberno do P.P. deixou un convenio asinado para o campo de fútbol de Balaídos e non se leva a cabo; que non hai axudas para deportistas olímpicos e está en dúbidas que haxa axudas para as escolas deportivas.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago para manifestar que está sorprendido pola moción presentada; que non deberon falar co Clube para presentala, pero aínda así quería lembrar as axudas que eles lle deron ó Clube:

- A "Perucho" adoptouse acordo para nomealo fillo adoptivo e nunca se levou a cabo tal recoñecemento e diso nunca máis se supo.
- En 4 anos só recibiron a porcentaxe de recadación do ximnasio e non outras axudas polas bases.

Dí que agora previsiblemente incrementaráse a axuda se acceden a solicitala pola bases, máis as axudas que constan no orzamento de a Baixada e o Slalom.

Respecto da xestión anterior dí que estes días levaron unha sorpresa cando a



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

consecuencia de que se había inundado o clube se lle dixo que había un seguro ó que se podía acudir e antes nunca se acudiu cando había algún incidente deste tipo; que este ano reclamouse ó seguros danos por importe duns 10.000 euros e estase á espera de a ver canto lle aceptan.

O Sr. Serantes di que non estamos no apartado de rogos e preguntas para falar desas cousas: de seguros, das axudas da deputación ; que o que hai que falar é da moción.

O Sr. Alcalde dí que na moción se di que a proba peligra por falta de apoio e quedou demostrado que as partidas melloráronse respecto ó ano anterior e que se calcula que coa posibilidade de solicitar axudas segundo as bases aprobadas se poida incrementar este ano nuns 2.500 / 3.000 euros, ademáis dos 4.000 euros das probas.- Que este equipo de goberno está co deporte e por eso colaboran e incrementaron as partidas; respecto á proposta da moción de que se formalice convenio dí que o clube non manifestou esa intención nas reunións mantidas (queren manter o convenio que teñen máis as axudas das bases); que na moción se fala de instar á Deputación, pero non propoñen instar tamén á Dirección Xeral de Deporte da Xunta de Galicia para que axude ó clube.-

Engade que a moción non se axusta á realidade; que se incrementa a partida de axuda municipal respecto ano anterior, no eido do deporte en xeral, nuns case 9.000 euros.- Que non é prudente nen serio que se diga que pode non facerse por falta de axuda do Concello.

O Sr. Serante Alvarez dí que o seu grupo estaría disposto a incluír o de instar á Xunta de Galicia (se ben iso non se lle propuxo na Comisión Informativa) se iso supuxera que a ían a votar por unanimidade; dí que se están a dicir argumentos que coinciden coa moción e outros que o que fai é xustificar un non á moción (so porque a presentou o P.P.) que lles molesta que este grupo fai tantas propostas como as que trae o equipo de goberno (tres cada un).- Dí que non está de acordo coas cantidades ditas anteriormente: que hai unha diferenza de menos 13.000 euros respecto do ano anterior.- Dí que están dispostos a incluír o de instar á Xunta a que conceda axuda ó Clube para a celebración das probas e funcionamento do mesmo.

O Sr. Alcalde dí que é cuestión de interpretación, pero que está claro que non se axusta á realidade.- Que o Clube non renunciou á proba e menos por falta de axuda do Concello.-

Que cos datos facilitados nesta sesión debería retirar a moción; que é pouco ético mantela a base de mentiras; que o responsable de facer ou non a proba é o Clube; que este equipo ten a subvención que tiñan e se non a fixera non sería o motivo a falta de axuda.

A Sra. Peña Muñiz di que é notorio e público; que foi o Clube o que dixo que renunciaba por falta de apoio; o Slalom pedía que se lle garantizara para poder pagar á Federación (6.000 euros e non o teñen); que a proba de Slalom se viña celebrando



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

este fin de semana e a Baixada no mes de xuño e foi o clube o que dixo que renunciaba por falta de apoio institucional.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por sete votos en contra da moción presentada e cinco a favor, acorda REXEITAR A MOCIÓN PRESENTADA nos termos expresados.

7.2 Moción para instar á Deputación Provincial para que recupere o Plan de Acción Comunitaria.-

Pola Sra. Fandiño Vázquez dase lectura á moción presentada polo grupo do Partido Popular no que constan que "a Deputación provincial caracterizouse sempre por ofrecer liñas de axudas a colectivos que resultaron ser fundamentais para substentar e impulsar as iniciativas das asociacións veciñais, culturais, deportivas e sociais da provincia.- Que unha destas liñas era o Plan de Acción Comunitaria, destinada a colectivos veciñais; que no ano 2015 repartíronse con cargo a esta liña 1 millón de euros a preto de 300 colectivos que tiveron a oportunidade de levar a cabo iniciativas como traridas de augas, de camiños ou arranxo e equipamento das propias casas veciñais; que os gobernos do P.P. na Deputación apostaron polo PAC como unha ferramenta para mellorar o medio rural e as barriadas urbanas e para dinamizar ás propias agrupacións de veciños.- Que este apoio desvaneceu co actual goberno bipartito da Deputación, que eliminou dun plumazo unha liña de axudas que eran básicas e necesarias para reforzar os pequenos investimentos en zonas rurais, e dese xeito, igualar as oportunidades entre o rural e o urbano.- E o fixeron da peor forma posible, deixando ao marxe ás propias asociacións veciñais que a día de hoxe son alleas a esta decisión, porque nin se lles ofrecen as razóns que levaron a eliminarlas, nin se lles deixa argumentar a necesidade de seguir contando con elas.- Que por todo isto solicitamos a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Que a Deputación Provincial recupere o Plan de Acción Comunitaria para este ano 2016 e convocatorias sucesivas, e que conceda as axudas de forma directa ás asociacións veciñais.

A Sra. Fandiño explica o contido da moción e indica que este plan favorecía ós veciños e realizaba obras pequenas ano tras ano.

A Sra. Martínez Troncoso di que entenden que esta moción é xenérica; que non se especifica a qué colectivos beneficia ni qué criterios se tiveron en conta nin datos das axudas concedidas a colectivos de Ribadumia; que se entra en precampaña e sabe que se estivo invitando a algúns colectivos para acudir a unha reunión sobre este asunto e se convocou a algunhas asociacións de Ribadumia que logo chamaron ó Concello algúns representantes de asociacións que decían que lles tiña chamado un concelleiro do P.P. e non sabían que convocaba a reunión se o Concello, se a Deputación, se o P.P.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Manifesta que o Programa para a realización de obras por parte de veciños pasaba por riba das competencias municipais, xa que poden realizar calquera actuación dos art. 25 e 27 da L.B.R.L. e poderían facer obras sen contar co Concello; que iso invade as competencias municipais; que o que comunican algunhas asociacións é que se repartía con criterios partidistas e algunhas quixáronse que ou eran asociacións de concellos gobernados polo P.P. ou se estaban na oposición tiñan que ser respaldadas polo P.P.-

Aclara que ese importe integrouse no Plan Provincial; que este ano recibiu unha cantidade maior; que o equipo de goberno tivo reunións cos veciños e aceptáronse as propostas e considera que esta é a fórmula correcta e non pasar por riba das competencias do Concello e logo as obras non había debido control.

A Sra. Peña Muñiz dí que está claro quen está aquí para defender os intereses de Ribadumia e quen para defender siglas políticas; dí que o seu grupo acepta apoiar acordos propostos polo equipo de goberno, aínda que soliciten que se inste á Xunta por algún asunto e, pola contra, o equipo de goberno vota en contra de todas as súas propostas.- Dí que se fixeron moitas actuacións para mellorar instalacións; dí que este plan contaba con un millón de euros e eliminouse; non é unha moción xenérica; se elimina un plan que existía e as asociacións non saben porqué e iso vai en contra dos veciños de Ribadumia.

O Sr. González Lede dí que transformouse os plans e a asignación que antes existía para o PAC se integrou no Plan Provincial; que se lles explicou a tódolos alcaldes nunha reunión no mes de xullo; Ribadumia recibe 432.000 euros; o que sucede é que agora as axudas se engloban en catro liñas de actuacións distintas (das que da conta).-

Dí que non é certo que se queden os clubs e asociacións sen cartos, o que sucede é que con esta nova forma de xestión se entende que é o Concello quen decide onde se inverte.

A Sra. Peña Muñiz dí que as axudas do PAC eran por concorrencia competitiva.

O Sr. Alcalde manifesta que supón que esta moción tamén a presentaría na Deputación Provincial, coma deputada que é a Sra. Peña.- Lle parece que é unha moción política non que axude a Ribadumia nin ás relacións institucionais.- Engade que agora é un modelo distinto de reparto de axudas.- Que ela foi alcaldesa e entenderá que se ten que fortalecer ós concellos e con PAC se fortalecía á Deputación e ás asociacións, pasando por riba do Concello. E entende que as axudas pra investimentos teñen que vir ó Concello.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por sete votos en contra da moción presentada e cinco a favor, acorda REXEITAR A MOCIÓN PRESENTADA nos termos expresados.



7.3.- Moción para que se organice a BTTinto.-

Polo Sr. Serantes Alvarez dase lectura á moción presentada polo P.P. na que exprésase que: *"No ano 2010 celebrouse a primeira edición da BTTinto, e o esforzo realizado por clubs organizadores, voluntarios e equipo do goberno do P.P. supuxo que se contara con máis de 1.000 participantes; nos seguintes anos foi incrementándose o número de participantes ata chegar a 3.000 no ano 2015; detrás diso hai moitas horas de traballo de moita xente voluntaria que traballaron con toda ilusión para facer un evento deportivo sen precedentes no noso concello; a principal fonte de motivación foi sempre o alento dos participantes; para o Concello de Ribadumia a BTTinto supuxo máis que a organización dun evento deportivo. O recoñecemento dos participantes que asistiron ás diferentes edicións, sumado á difusión que nos dan os medios de comunicación ou empresas patrocinadoras, supuxo non so un impacto social e económico o día da proba, senon que situou a Ribadumia como punto de referencia da BTT e as andainas; para que chegase a ser unha marca propia, diferenciada e respetada no calendario das múltiples probas desta disciplina; que nas primeiras edicións foi difícil acadar patrocinios, pero cando se chega o nivel que chegou a BTTinto moitas portas se abren e resulta máis doado lograr colaboracións de empresas, entidades privadas ou as propias administracións.*

Que por todo iso solicitan se adopte o seguinte ACORDO:

1.- Que o Concello de Ribadumia organice a 5ª edición da BTTinto, aportando o traballo e medios necesarios ao igual que se viña facendo nestes anos.

2.- Que o Concello de Ribadumia conte na organización da BTTinto cos clubs ciclistas Salnés, Armenteiraepunto e Xesteiras, así coma coa voluntarios do evento, todos eles verdadeiros artífices do éxito da BTTinto.

3.- Que se inste á Deputación Provincial e a Xunta de Galicia, e que apoiem económica e materialmente a celebración da 5ª edición da BTTinto.

A continuación concreta a vontade que se celebre a proba que é un evento importante e axuda a situar a Ribadumia fora da provincia e incluso fora da Comunidade.- Que os recoñecementos chegaron de moitas partes e institucións, pero sobre todo do público en xeral; que tiña unha repercusión máis alá do ámbito deportivo e que se puxo en marcha polo P.P. da man dos clubs, voluntarios e empresas; que se debe realizar a 5ª edición; que se conte coa xente que viña participando e que se inste a outras institucións para que se apoiem económica e materialmente esta 5ª edición.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que o equipo de goberno está agradecido á organización destes anos; que foi un evento importante; que se reuniron cos clubs organizadores varias veces e tiñan a intención de levala a cabo porque podería resultar interesante realizala, pero analizando o custe que supuxo a proba o ano pasado comprobouse que costou case 40.000 euros e iso lles parece excesivo.

Que o equipo de goberno decidiu suspender temporalmente esta proba, despois



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

de varias reunións cos clubs, e que esta decisión é temporal mentras se manteña esta forma de organizala; que algúns dos clubs consideraba que non se debía cambiar o formato e os 40.000 euros lles saen ós veciños de Ribadumia do bolsillo e non se pode determinar cal sería a contía final, xa que ó examinar os gastos do ano pasado non hai constancia de moitos gastos que si se produciron, pero non saben quen os pagou, xa que non hai facturas de carteis, catálogos, non se saben canto podía supoñer a colaboración dos voluntarios (xa que antes traballaba na proba moitos traballadores da Deputación e iso agora non é así).- Que aquí non se viña cobrando cuota de inscrición algunha; que este equipo de goberno está disposto a organizala outro ano, pero cambiando o formato e que non salga só dos recursos do Concello.

Que a Deputación non podía colaborar directamente a través das súas liñas de axudas porque non é unha proba federada.- Que a Festa do Tinto do ano pasado consta uns gastos duns 40.000 ou 50.000 euros, pero realmente suponía porque había gastos que non se contabilizaban polo Concello, pero se calcula que realmente irán a uns 80.000 euros e incrementalo cos gastos da BTT é excesivo e é hora de priorizar.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e indica que unha vez máis dí unha cousa (agradece ós clubs a organización e dí que é un evento importante) e logo dí que non se vai facer por cuestións económicas.- Que o Alcalde minte e o din os clubs nas reunións e conversas mantidas para que reconduxeran a súa postura.- Que non pode dicir unha cousa e a contraria.

Que o que non é coherente e serio é o Alcalde; que non minta.- Que minte cando dí o custo económico da BTT e do dín as persoas coas que estiveron reunidas.-

Que hai falta de capacidade e ganas de traballar; que a organización da moito traballo e de moita xente para chegar ó nivel que chegou a proba; que aparcando temporalmente é deixar que a proba pase de longo e ó mellor logo lle dín que non colaboran na organización.

Que estivo na Deputación e pediu colaboración e se lle dixo que non porque se recortaron as axudas ós eventos deportivos.- A BTTinto ten unha importancia relevante neste tipo de probas en Galicia.-

Toma a palabra a Sra. Moimenta Otero e da relación de gastos facilitada por intervención nos que figuran o concepto da BTTinto e da conta de todas as facturas de Esther Noya- Allianz Seguros; Boutique del Pan- Panadería Cambados SL; TC Group Atlántico S.L.; Trezze Porriño S.L.; TV Salnés S.L.; Joyería David; Gráficas Salnés; Grupo Norte MCA S.L; Estación de Servicio Peiteado; Area Comercial Pintos; Plexus; Club Armenteira e Punto; Club Xesteiras; Club Ciclista Salnés; Baygar S.L.; Editorial La Capital S.L.-Diario de Arousa,e que ascende a un total de 37.896, 83 euros.

Di que se tiveron varias reunións ata altas horas da noite para tratar de buscar unha fórmula para poder organizala e non estaban de acordo coas fórmulas propostas, decían que nunca se tiña pagado inscrición e que debía continuar así.- Dí que si se tiveran en conta todos os gastos reais (que algúns non constan como os indicados de



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

carteis, catálogos, colaboradores, etc) cada corredor lle suponía ó Concello 13,30 euros.

O Sr. Serantes Alvarez contesta que segundo lle dixeron as persoas que estiveron nas reunións o Alcalde minte e que nunca se chegaba a ningunha conclusión e as persoas ían desistindo.- Que o mensaxe desa persoa tamén se lle transmite a él pero que lle dixeron que disistiron de organizala pola falta de toma de decisións; que non se pode pensar en ter unha proba desa categoría a custo cero; que se tiveron contacto con empresas para organizala e estas se negaban a facelo, o que ata de agora se viña facendo de forma gratuita .- Que os anteriores organizadores e colaboradores foron saíndo dese grupo de traballo e se negaron a que outras persoas que coñecían a BTT se negaron a que estiveran negociando.- Que o que fae falta é xestionar ben e antes se levaba a cabo a proba grazas á colaboración de todos e á boa xestión do equipo de goberno.-

O Sr. Alcalde pregunta a que se refire, que non se pode tirar a pedra e esconder a man e o Sr. Serantes dí que o Alcalde xa sabe a que se refire.-

O Sr. Alcalde dí que se non aclara a qué se refire eso se chama ser cobarde.- Engade que, por outro lado, él non quere parecerse ó Sr. Serantes na xestión, que éste foi xefe de gabinete do anterior Presidente da Deputación e agora resulta que hai que devolver 10 millóns de euros á Unión Europea por mala xestión.

A Sra. Martínez Troncoso dí que é fácil dicir as cousas e esconder a man; que o Sr. Serantes dixo por dúas veces que as facturas das que se deu conta non son reais e pregunta se quere dicir que o certificado de intervención é falso.- Dí que non sabe de qué empresa fala; que nas reunións estiveron o equipo de goberno, os clubs e outra persoa allea.-

Lembra que o presuposto entregouse o 23 de marzo e se aprobou o día 30 e non presentaron ningunha proposta ou enmenda e agora un mes despois de facer o presuposto traen a proposta; que xa no orzamento non había ningunha partida para a BTTinto.-

O Sr. Serantes Alvarez dí que ó mellor entendeu mal; o que dixo antes e agora afirma é que o Alcalde minte cando se refire a unhas cantidades; dí que intentaron coaccionar ós anteriores organizadores para que non sacaran comunicados contra o equipo de goberno.-

Engade que o goberno do P.P. tiña 73.000 euros para a Festa do Tinto e agora van 140.000 euros e eles entendían que se mantiña a BTTinto e coa seguridade que lle había transmitido algún membro do equipo de goberno.

A Sra. Peña Muñiz di que moitos dos gastos que figuran na relación de gastos



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

de BTTinto son da Festa do Tinto; que o Grupo Norte debería computarse para a Festa e que os gastos son para todo o fin de semana non son para a BTT; e que tamén hai que descontar as axudas da Deputación que concedeu para os dous eventos.- Remata dicindo que non lles interesa a BTTinto por falta de xestión e non ter ganas de levar o traballo de organizala.

A Sra. Martínez Troncoso da conta que no exercicio de 2015 figuraban gastos para a Festa do Tinto por importe de 50.000 euros e no ano 2016 figuran gastos de 98.000 euros, e que neses 98.000 euros inclúense os 50.000 euros que constaban no orzamento en exercicio anterior, máis os gastos que pagaba a asociación e que non constaban en contabilidade que, polo que puideron calcular xa que non había datos contables no concello, ascenderon a máis de 30.000 euros.- Que no ano 2015 os gastos da Festa do Tinto que constaban na contabilidade municipal ascenderon a 50.600 euros e os da BTTinto a case 38.000 euros como mostrouse antes na certificación de intervención.

A Sra. Peña dí que os gastos de escenarios e vallas son para toda a Festa do Tinto non so para a BTT.- A Sra. Moimenta Otero dí que non é así, porque este ano non fai falta vallas, o que indica que foron para a BTT; dí que é imposible que se pagaran polas orquestras 11.495 euros cando só dúas das que actuaron costan 30.000 €, ou que se pagase só 1.700 € pola comida cando asistiron unhas 500 persoas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que, polo que lle atinxe a él, quere que lle digan donde minte; que as facturas xa están claras; que están poñendo en dúbida os números e estase a darlles detalle.- Que o equipo de goberno está agradecido de que se tiveran reunido para tratar de organizar a proba, pero que o custo foron 40.000 euros e resulta moi elevado para asumilo o Concello (ó mellor ós 1.000 e 2.000 euros que se pagaron ós clubs por organizala proba é ben pouco)

Rematadas as intervención o Pleno Municipal, por sete votos en contra da moción presentada e cinco a favor, acorda REXEITAR A MOCIÓN PRESENTADA nos termos expresados.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para rogar que dende o equipo de goberno se solicite ó IGAPE ou a Consellería de Industria que manteña nas mellores condicións posibles a parcela das antigas instalacións de Alfageme e as naves que se ubican na mesma.-

O Sr. Alcalde contesta que xa lle fixeron chegar uns veciños a queixa de cómo se atopan as instalacións e dí que é unha pena que no seu momento a Consellería non se decantara por outras opcións e ó mellor teríamos unha fábrica funcionando e dando



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

traballo á xente.- Que se fará chegar a petición á Consellería.

2º.- O Sr. Serantes Alvarez pregunta se a obra de "Mellora de parques infantís", que ascendía a case 30.000 euros está executado na súa totalidade ou aínda está pendente de executar algo.-

O Sr. Alcalde dí que está executado o contratado; que tivo que poñerse a maiores o substrato de caucho; que cando se fixo a inspección dos parques foi en agosto e agora se fixo unha nova revisión e que, no seu día, instaláronse elementos de madeira e agora estase facendo un repaso e se tentará melloralo antes do verán.

3º.- O Sr. Alcalde comenta que membros do grupo do Partido Popular manifestaron nos medios de comunicación que o equipo de goberno está ata altas horas da noite e o expresaron dunha maneira crítica; quere explicar que están orgullosos de traballar ata altas horas e reunirse con asociacións, veciños, etc.- O anterior equipo de goberno non tiña esas reunións e van a potencialas aínda máis.-

Tamén comenta que foi obxecto de debate o que custa ó Concello o equipo de goberno e aclara novamente o que cobra él e o tenente de alcalde con adicación exclusiva e os demais concelleiros non cobran.- Engade que él no anterior pleno preguntoulle ó Sr. Serantes canto cobra na Deputación e aínda non contestou.- Dí que desminta se non é verdade que gaña 44.000 euros;

O Sr. Serantes dí que autoriza a que publique cando queira canto gana, que os datos constan na declaración de bens presentada que consta na Secretaría; que quen lle paga está orgulloso do seu traballo; que é se alegraría se calquera membro da Corporación gañara iso e máis nas súas labores profesionais; dí que é típico do político mediocre que cando non hai argumentos se caiga en descalificacións e aconsella que non vaia por esa liña.-

A Sra. Peña Muñiz manifesta que xa tiña que estar colgadas as declaracións de bens na páxina.

O Sr. Oubiña Lago indica que lle gustaría pedir ó grupo do Partido Popular que se disculpara porque esta acudiu ó Valedor do Pobo para que se lle entregaran as actas da Xunta de Goberno e quedou demostrado que estaban sen entregar dende o ano 2013 e iso supuxo unha carga de traballo para o persoal e que quede ben claro quen tiña actas pendentes de entregar e cantas se lles daban antes.- A Sra. Peña contesta que as ten gracias a que acudiu ó Valedor.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vintetres horas e cuarenta e cinco minutos, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-

